



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO ELECTRÓNICO

Saída 208690 / RX 337874 Data 03/03/2020 14:12:29



Asunto: Resolución solicitude información publica
Destinatario: Z S

O 20 de decembro de 2019 tivo entrada na Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, solicitude da UTE [redacted], de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Esta solicitude ten o número 1/2020.

Dita solicitude require o acceso á seguinte información que obra no procedemento de adjudicación do Lote XG- [redacted] na Concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada (LOTES XG [redacted] a XG [redacted]) (Expediente [redacted] /2019 DXM) :

-Copia do certificado de seguro de responsabilidade civil achegado pola empresa [redacted].

De acordo cos artigos 19.3 da lei 19/2013 e 27.2 da lei 1/2016, se a información solicitada puidera afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas.

Unha vez analizada a solicitude, este órgano considerou que incorría no suposto establecido no parágrafo precedente, xa que se trataba de documentación achegada pola empresa adjudicataria, razón pola cal, mediante notificación efectuada o 5 de febreiro de 2020 procedeu a conceder trámite de alegacións.

Mediante escrito do 13 de febreiro de 2020, a interesada presentou alegacións opoñéndose con carácter xeral á concesión do acceso, porque a empresa solicitante xa tivo acceso ao expediente no marco do procedemento de contratación pública e que o solicitante está facendo uso da normativa sobre transparencia e bo goberno para a consecución dun fin (o acceso a un documento privado achegado nun proceso de




contratación pública) que nada ten que ver co obxectivo e finalidade de dita normativa e que debe rexerse pola normativa específica.

De acordo coa letra h) do número 1 do artigo 14 da citada Lei 19/2013, e o artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais.

A divulgación da información á cal se pretende acceder supoñería un prexuízo para os intereses económicos e comerciais da empresa adxudicataria, recoñecido pola propia mesa de contratación do lote XG na dilixencia do 20 de novembro de 2019, que denegou o acceso a esta documentación sinalada confidencial polo adxudicatario e declarou a *"...confidencialidade dos acordos comerciais asinados pola licitadora con terceiros: contratación de servizos, explotación publicitaria, subministracións de flota e equipamentos, servizos diversos de consultoría, certificados de prezos de aprovisionamentos, etc. Todos estes acordos son confidenciais non só polo valor técnico e comercial que implican para a licitadora, senón que ademais foron asinados con outras empresas alleas ao procedemento de contratación e que non deron consentimento para a súa difusión."*

Con posterioridade o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia na resolución do 18 de decembro de 2019 do recurso especial en materia de contratación interposto pola UTE *"..."*, S.L., contra o acordo de adxudicación do lote XG confirmou a actuación do órgano de contratación no que respecta á limitación de acceso a estes documentos confidenciais, afirmando nun dos seus fundamentos que *"...as alegacións do recurso non mostran que a falta de acceso ocasionara unha indefensión, nin argumentos definitorios de que a ponderación realizada polo órgano de contratación non poida ser mantida."*

O Consello de Transparencia e Bo Goberno, creado no artigo 33 da citada Lei 19/2013, nun documento do 24 de setembro de 2019, *Criterio interpretativo 1/2019 sobre a aplicación do artigo 14, número 1, apartado h, da lei 19/2013, do 9 de decembro: prexuízo para os intereses económicos e comerciais*, afirma que *"...cando unha información suxeita a publicidade activa ou solicitada ou reclamada por un cidadán"*



constitúe en todo ou en parte un segredo empresarial ou comercial nos termos da LSE ou está afectada en todo ou en parte por unha declaración de confidencialidade contida nunha lei ou establecida nos termos prevista nesta, deben negarse a publicidade ou o acceso por aplicación do límite de protección dos intereses económicos e comerciais,"

Polo tanto, a cláusula de confidencialidade declarada no expediente de contratación con relación á documentación solicitada, impide o acceso a esta información no expediente de información pública, por supoñer un prexuízo para os intereses económicos e comerciais da empresa adxudicataria.

Sobre a petición de que se poña esta solicitude de información pública en coñecemento da conselleira, secretario xeral técnico e subdirector xeral de Planificación Técnica do Transporte, indicar que, ao tratarse dunha petición de acceso á documentación administrativa, só procede o seu traslado e coñecemento por parte do órgano competente neste procedemento e para a emisión da presente resolución.

En consecuencia, con fundamento do disposto no artigo 14.1.h) e 14.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, denégase o acceso á información pública cuxa solicitude quedou identificada no parágrafo primeiro desta resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

A xefa do Servizo de Ordenación do Transporte Regular de Viaxeiros

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Conforme:

O director xeral de Mobilidade

(Por suplencia; Orde 28/05/2019)

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

(*is (documento asinado dixitalmente)*)